

SEGURO 6-16 XOGADE - 2023

Comezada a nova tempada, queremos informar aos clubs con menores de 6 a 16 anos (ambxs inclusive), sobre certos aspectos moi importantes con respecto ao programa XOGADE e a cobertura do novo seguro:

1. LISTAXES MENORES FEDERADXS POR CLUB: na plataforma XOGADE xa están subidos os datos dxs menores destas idades con dereito ao seguro Xogade, é dicir, aquelas persoas coa licenza do ano 2023 formalizada.

2. PLATAFORMA XOGADE: cada club debe enviar una solicitude de acceso á PLATAFORMA XOGADE que debe ser aprobada pola nosa Federación. Só cando sexa aprobada a solicitude, o club poderá ver os datos das persoas participantes e usar as accións dispoñibles (busca, exportar, xerar carné, accidentes...).

Cando o club acceda, é moi importante que comprobe que todos os **datos** son correctos e, no caso, avisar se detectades algunha incidencia (o seguro non se fai cargo dos gastos dun accidente se os datos non coinciden exactamente cos do DNI da persoa).

3. AUTORIZACIÓN DATOS EN XOGADE. É requisito indispensable que os clubs teñan a autorización da subida dos datos dxs menores federados **no seu club**, gardando e custodiando éstas.

4. ALTAS-BAIXAS. Cando algún/ha menor se dea de **baixa**, de **alta** ou cambie algún dato relevante compre informar á FEGADO (fegado.escolareuniversitario@gmail.com) o antes posible.

5. CARNÉS: unha vez feitos tódolos pasos anteriores, compre que cada club xere os **carnés** Xogade e entregalos. É importante que as familias os teñan no seu poder de cara á tramitación de partes en caso de accidente.

6. PROBAS NO ESTRANXEIRO: coma xa vos informamos, para que o seguro XOGADE sexa valedoiro para calquera actividade de orientación federada que se faga no estranxeiro debe cubrir o formulario "**notificación desprazamentos**" e mandarllo a deporte.escolar@xunta.gal **o máis tardar ao día seguinte ao peche de inscricións adxuntando os documentos que se solicitan** e con copia á fegado.escolareuniversitario@gmail.com . **De non facelo (en tempo e forma), as persoas participantes non estarán cubertas polo seguro XOGADE 6-16.**

7. Non esquezades reler o novo protocolo de actuación no caso de accidentes. Tamén tendes a información na propia plataforma Xogade.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Xaneiro 2023

Vogalía de Orientación Escolar e Universitaria